

Curso de preparación do exame DELE.

TIPO: Intensivo/cuadrimestral

DURACIÓN: 20 horas / 30 horas

LUGAR: Campus de Vigo

(mínimo de 12 estudantes por nivel)

Obxectivos

O curso diríxese a aquelas persoas interesadas en obter o *Diploma de Español Lengua Extranjera* nos seus niveis B1, B2, C1 e C2. O obxectivo deste curso é proporcionar aos alumnos as ferramentas teóricas e prácticas para a preparación do exame oficial DELE. As clases céntranse fundamentalmente en simulacros de exame, orientación ao estudio, resolución de dúbidas e corrección de traballos individuais.

En cada sesión repásanse contidos gramaticais, amplíase vocabulario e trabállanse as destrezas que se avalían no exame.

Como acceder

Certificado de nivel anterior o que se quere cursar (obtido nos tres últimos anos) ou proba de nivel.

Certificados

CERTIFICADO DE ASISTENCIA: é preciso asistir ao 85 % das clases

Prezos

Comunidade universitaria (Universidade de Vigo): 90€ (20 horas) / 117 € (30 horas)

Público en xeral: 110€ (20 horas) / 145 € (30 horas)

Outros datos de interese

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos ECTS ou de libre elección pola Universidade de Vigo.

* Excepcionalmente e por cuestións de calendario, o Centro de Linguas poderá adaptar o número de horas do curso con sesións semipresenciais.